# INFORMACION BÁSICA RELATIVA A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

## 2012-2013

| ÁREAS |
|---|
| Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal. |
| Coñecemento do contorno. |
| Linguaxes: comunicación e representación. |

| ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL | |
|---|---|
| **Contidos** | **Bloque 1. O corpo e a propia imaxe.**<br>**Bloque 2. Xogo e movemento.**<br>**Bloque 3. Aactividade cotiá.**<br>**Bloque 4. O coidado persoal e a saúde.** |
| **ÁREA : COÑECEMENTO DO CONTORNO.** | |
| **Contidos** | **Bloque 1. Medio físico : elementos, relacións e medida.**<br>**Bloque 2. Achegamento á natureza.**<br>**Bloque 3. Cultura e vida en sociedade.** |
| **ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.** | |
| **Contidos** | **Bloque 1.Linguaxe verbal:**<br>**. Escoitar, falar e conversar.**<br>**. Aproximación á lingua Escrita.**<br>**.Achegamento a literatura.**<br>**Bloque 2. Linguaxes artísticas: plástica, Musical e corporal.**<br>**Bloque 3. Linguaxe audiovisua e tecno-loxías da información e a comunicación.** |

## UNIDADES DIDACTICAS:

**As unidades didacticas ou temas didácticas son as mesmas para os nenos de tres, catro e cinco anos, sóamente que para nenos-nenas de 3 anos traballanse de forma máis sinxela, aumentando paulatinamente e gradualmente maís a sua dificultade en 4 anos , e ampliándoas e complementándoas aun máis en 5 anos.**

| **Estas unidades son:** | |
|---|---|
| **1º Trimestre.** | **Unidade 1: A escola.**<br>**Unidade 2: O outono e a familia.**<br>**Unidade 3: A casa e o Nadal.** |
| **2º Trimestre.** | **Unidade 4: O corpo e o inverno.**<br>**Unidade 5: Os oficios e o entroido.**<br>**Unidade 6: Os alimentos.** |
| **3º Trimestre.** | **Unidade 7: As plantas e a primavera.**<br>**Unidade 8: Os animais.**<br>**Unidade 9. Os transportes e o verán.** |

# PRIMER NIVEL DO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.( 3 ANOS),

## 1.-CONTIDOS: ÁREA : COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL.

### 1.1 Primeiro trimestre para os nenos-nenas de tres anos.

**• Identidade persoal.**

**•O outono: pezas de vestir.**
**•Coordinación e control de habilidades manipuladoras de carácter fino.**
**•Discriminación e percepción visual de obxectos do contorno.**
**•Utilización de pezas de vestir axeitadas á época do ano.**
**•Realización de exercicios para mellorar a coordinación de movementos e conseguir seguridade.**
**•Adopción de hábitos de convivencia: a relación co mestre/a e cos seus compañeiros (Educación moral e cívica; Educación para a paz).**
**•Hábitos de autonomía: vestirse e desvestirse só.**
**•Satisfacción e gozo durante a celebración de festas.**

### 1-2 Segundo trimestre para os nenos nenas de tres anos

**•Partes da cara (ollos, cellas, nariz, boca e orellas) e partes móbiles do corpo (brazos e pernas).**
**•Os alimentos preferidos.**
**•Recoñecemento das diferenzas sexuais: pene e vulva. Identificación como neno ou nena.**
**•Exploración das posibilidades e limitacións do propio corpo. Expresión das propias preferencias.**
**•Percepción e recoñecemento das actividades e manifestacións de Entroido.**
**•A alimentación como necesidade do corpo. Importancia do almorzo na alimentación (Educación para a saúde).**
**•Hábitos de saúde e hixiene: coidado do corpo para evitar accidentes e lavar as mans antes de comer.**
**•Hábitos de responsabilidade: interesarse por participar nas tarefas da clase.**
**•Satisfacción e diversión durante a celebración de festas.**

## 1.3 Tercer trimestre para os nenos-nenas de tres anos.

**•Expresión de preferencias.**
**•A mascota preferida.**
**•Os transportes preferidos.**
**•Recoñecemento da relación entre os animais e as persoas.**
**•Observación e explicación de secuencias da vida cotiá relacionadas co mundo animal.**
**•Participación na festa de final de curso.**
**•Identificación e expresión de sentimentos e vivencias.**
**•Creatividade e imaxinación.**

# 2- CONTIDOS : ÁREA : COÑECEMENTO DO CONTORNO.

## 2.1 Primer trimestre para os nenos-nenas de tres anos.

**•O mestre/a, a vivenda e os membros da propia familia.**
**•Zonas e obxectos da aula. Elementos principais das dependencias dunha casa: cuarto de baño e cuarto.**
**•Actividades que se poden realizar en familia.**
**•O outono: paisaxes de outono.**
**As figuras do belén. A árbore de Nadal.**
**Xogos: as estatuas e a roda.**
**•Observación de obxectos do contorno, do material escolar e dos obxectos de Nadal máis característicos.**
**•Manipulación e exploración de obxectos e materiais.**
**•Identificación dos lazos de parentesco.**
**•Aprecio polos membros da comunidade escolar, a importancia da familia para o desenvolvemento persoal, o coidado do material e a colaboración nas tarefas de mantemento da orde (Educación moral e cívica).**
**•Adquisición de hábitos de orde: formar filas**.

## 2.2 Segundo trimestre para os nenos-nenas de tres anos.

**• Oficios: froiteiro, médico e varredor.**
**Ferramentas e utensilios de albanel, mecánico e costureira.**
**Pezas de vestir de inverno.**
**•Entroido: os disfraces.**
**•O almorzo. Alimentos de orixe vexetal e animal.**
**•Xogos: bonecas, memori e colocar as mans unhas encima das outras.**
**•Recoñecemento de pezas de vestir de inverno.**
**•Identificación dos obxectos relacionados co Entroido: disfraces e máscaras.**
**•Preparación dun bocadillo. Discriminación de alimentos de orixe animal e vexetal. Importancia da alimentación variada.**
**•Identificación da orde dunha secuencia temporal.**
**•Gozo de xogos e iniciación ás súas regras.**
**•Os homes e as mulleres poden realizar o mesmo traballo**.

## 2.3 Terceiro trimestre para os nenos-nenas de tres anos.

**As flores. As partes dunha planta (talo, folla, flor e pétalos). Necesidades das plantas.**
**•A primavera: pezas de vestir. O verán: pezas de vestir.**
**•Animais de compañía. Animais de granxa e animais salvaxes. Ciclo vital dalgúns animais: vaca e cuxo; galiña e pitiño.**
**•Os medios de transporte. Transportes aéreos, marítimos e terrestres.**
**•Xogos: o xogo dos nós e ¿que fan os animais?**
**•Respecto polas plantas e coidado delas (Ed. ambiental).**
**•Necesidades e coidados dos animais de compañía (Ed. moral e cívica).**
**•Hábitos de responsabilidade: respecto polo contorno natural, coidado dos animais e cumprir as normas do peón.**
**•Uso do cinto de seguridade (Ed. vial).**

# 3.CONTIDOS: ÁREA : LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

## 3.1 Primeiro trimestre para os nenos-nenas de tres anos.

| | |
|---|---|
| **Expresión Artística** | •Cancións e Panxoliñas.<br>•Son e silencio.<br>•A cor vermella.<br>•Técnicas plásticas: pintura de dedos e estampaxe con esponxa. |

| | |
|---|---|
| | •Identificación da cor vermella e da azul.<br>•Representación de situacións da vida cotiá, interpretación de panxoliñas e audición de Follas de outono.<br>•Utilización de técnicas plásticas: coloración, pegadura, trazado de liñas, pintura, repaso, debuxo.<br>•Discriminación da intensidade do son e representación de sons fortes e frouxos cun símbolo.<br>•Gusto e interese nas creacións propias, en explorar, manipular e aprender novas técnicas.<br>•Gusto e interese por participar nas actividades. |
| **Números, medida e representación espacial.** | •Nocións de medida: grande/pequeno.<br>•Nocións de espazo: dentro/fóra.<br>•Nocións de cantidade: moitos/poucos.<br>•O círculo.<br>•O número 1: cantidade e grafía.<br>•Clasificación de obxectos segundo a súa medida.<br>•Identificación da forma circular en obxectos do contorno.<br>•Discriminación visual da grafía do 1.<br>•Asociación da grafía 1 coa cantidade que representa. |
| **Linguaxe oral e escrita.** | Motricidade fina. Trazo libre. Trazo vertical: arriba/abaixo.<br>•A familia de Xoán.<br>•O outono: pezas de vestir.<br>•Poesías, cancións adiviñas.<br>•Vocabulario de palabras relacionadas coas pezas de vestir de outono e con obxectos das dependencias da casa e da escola.<br>•Comprensión do conto e recoñecemento dos seus protagonistas.<br>•Utilización da linguaxe oral como medio para comunicar vivencias e ideas propias e utilización do vocabulario aprendido<br>•Coordinación óculo-manual no trazo libre e realización con distintas ferramentas. Desenvolvemento da motricidade fina.<br>•Memorización da rima: Caracol, col, col. Trabalinguas.<br>•Interese e gusto polos contos. |
| **Percepción e pensamiento lóxico.** | •Serie lóxica: forma.<br>•Serie lóxica: tamaño.<br>•Percepción visual: localizar diferenzas.<br>•Atención visual e percepción espacial: labirinto |

## 3.2 Segundo trimestre para os nenos-nenas de tres anos.

| | |
|---|---|
| **Expresión artística.** | As cores: vermello, azul, amarelo e verde.<br>•Cancións: Os oficios e Arroz con chícharos etc.<br>•Sons longos e curtos.<br>•Calidade do son: o timbre dalgúns instrumentos.<br>•Técnica plástica: dobradura de papel.<br>•Discriminación da cor vermella, da azul, da amarela e da verde.<br>•Audición da Sinfonía dos xoguetes (Leopold Mozart).<br>•Utilización de técnicas plásticas: coloración, pegadura, trazado de liñas, pintura, repaso, debuxo, rachadura e pegadura de papel.<br>•Recoñecemento do timbre de instrumentos.<br>•Interese por participar en actividades musicais.<br>•Coidado do material propio e dos demais (Ed. moral e cívica). |
| **Números, medida e representación espacial.** | Nocións espaciais: aberto/cerrado.<br>•Nocións de medida: longo/curto.<br>•Nocións espaciais: enriba/debaixo.<br>•O cadrado e o triángulo.<br>•Os números 1, 2 e 3: cantidade e grafía.<br>•Identificación e recoñecemento do círculo, o cadrado e o triángulo.<br>•Discriminación visual da grafía do 1 e da do 2.<br>•Asociación das grafías 1, 2 e 3 coas cantidades que representan. |
| **Linguaxe oral e escrita.** | •Os oficios.<br>•O trazo perpendicular.<br>•Vocabulario de palabras relacionadas coas pezas de abrigo, dalgúns oficios e os seus instrumentos, e de alimentos.<br>•Comprensión do conto.<br>•Exercitación do trazo horizontal e vertical.<br>•Desenvolvemento da psicomotricidade fina.<br>•Memorización e comprensión de textos: adiviñas, recitativos e refráns.<br>•Expresión oral de feitos ou acontecementos.<br>•Interese e gusto polos contos.<br>•Participar nas actividades de expresión oral |
| **Percepción e pensamento lóxico.** | Serie lóxica: cor. Serie lóxica: forma. Serie lóxica: tamaño.<br>•A simetría.<br>•Atención visual e razoamento lóxico: localización de erros.<br>•Desenvolvemento da atención visual. |

## 3.3 Terceiro trimestre para os nenos-nenas de tres anos.

| | |
|---|---|
| **Expresión artística.** | •Cor vermella, azul, amarela, verde e laranxa.<br>•Cancións dos temas.:<br>•Calidades do son: intensidade (forte/frouxo) e altura (grave/agudo).<br>•Representación gráfica de sons fortes e frouxos.<br>•Recoñecemento da cor vermella, da azul, da amarela, da verde e da laranxa.<br>•Utilización de técnicas plásticas: punzamento e transparencia; pintura con plastilina e colaxe.<br>•Creatividade e imaxinación coa música. Atención e relaxación nas audicións.<br>•Gusto pola creatividade e pola imaxinación nas producións plásticas. |
| **Nmeros, medida e representación espacial.** | •Nocións de cantidade: todos/ningún.<br>•Nocións de medida: alto/baixo.<br>•Nocións espaciais: diante/detrás.<br>•O número 4: cantidade e grafía.<br>•Recoñecemento e discriminación do círculo, do cadrado e do triángulo.<br>•Discriminación visual da grafía dos números 1, 2, 3 e 4.<br>•Números 1, 2, 3 e 4: cantidade e grafía. |
| **Linguaxe oral e escrita.** | Vocabulario de palabras relacionadas coas flores, as pezas de vestir de primavera e de verán, os animais e os medios de transporte.<br>•O trazo circular.<br>•Realización de trazos circulares.<br>•Comprensión do argumento dun conto.<br>•Observación e lectura de imaxes secuenciadas.<br>•Trazo inclinado.<br>•Desenvolvemento da motricidade fina.<br>•Memorización e comprensión dun pareado, dunha poesía e dunha adiviña. |
| **Percepción e pensamento.** | Series lóxicas: cor e forma.<br>•Serie lóxica: numérica.<br>•Percepción visual: clasificación dos animais segundo o seu hábitat.<br>•Secuencias temporais.<br>•Lóxica: compleción dun crebacabezas |

# SEGUNDO NIVEL DO SESGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.
# ( 4 ANOS ).

## 1. CONTIDOS: ÁREA : COÑECEMENTO DE SI MESMO.

### 1.1 Primeiro trimestre para os nenos-nenas de catro anos.

**• Recoñecemento de pertenza ao grupo clase e aceptación das diferentes situacións da vida escolar.**
**• Convivencia e participación en actividades coa familia.**
**• Realización de accións relacionadas coas nocións de orientación espacial aberto/cerrado e localización no espazo.**
**• Coordinación e control na manipulación e correcta utilización dos utensilios.**
**• Iniciativa por aprender novas habilidades.**
**• Mantemento da orde na clase.**
**• Hábitos de autonomía: vestirse e desvestirse só.**
**• Aplicar a racionalidade na petición de xoguetes (Ed. do consumidor).**
**• Expresión de sentimentos e emocións relacionados co Nadal e aprecio polas postais recibidas como regalo (Ed. moral e para a paz).**

### 1.2 Segundo trimestre para os nenos-nenas de catro anos.

**• O propio retrato.**
**• A vista, o tacto, o gusto e o olfacto.**
**• Xogo simbólico: as casas.**
**• Identificación sexual e recoñecemento e localización dalgunhas partes da cara e do corpo.**

**Identificación dos sentidos da vista e do tacto.**
**• Expresión de preferencias sobre os oficios e as profesións.**
**• Expresión de preferencias sobre os alimentos.**
**• Valoración e aceptación da variedade de características físicas (Ed. para a paz).**
**Importancia do coidado dos órganos dos sentidos (Ed. para a saúde).**
**Todos podemos facer o mesmo traballo (Ed. para a igualdade entre os sexos).**
**• Hábitos de saúde e hixiene: evitar situacións perigosas e mastigar correctamente os alimentos.**
**• Hábitos de autonomía: uso de cubertos e panos**.

### 1.3 Terceiro trimestre para os nenos-nenas de catro anos.

**• Expresión de preferencias en xeral, preferencias sobre animais e de sentimentos e vivencias.**
**• Expresión dos propios sentimentos e emocións fronte aos elementos da natureza.**
**• Coordinación de movementos no xogo.**
**• Expresión de anécdotas e vivencias relacionadas con animais.**
**• Aceptación de normas que regulen a nosa participación no coidado das plantas (Ed. ambiental).**
**• Hábitos de saúde e hixiene: prevención de accidentes**.

# 2. CONTIDOS : ÁREA : COÑECEMENTO DO CONTORNO

## 2.1 Primeiro trimestre para os nenos-nenas de catro anos.

• Zonas e obxectos propios da aula. Dependencias escolares. Actividades da escola.
• Xogos como: poñerlle o rabo ao burro; ¡1, 2, 3, escondite inglés!
• Obxectos propios do Nadal. Os Reis Magos.
• Recoñecemento dos membros da familia e os lazos de parentesco.
• Recoñecemento das características do contorno e dalgúns alimentos propios do outono.
• Identificación de dependencias e obxectos da casa, da escola e dos elementos dunha rúa.
• Participación nas festas de Nadal.
• Adquisición de normas nos xogos, gozo con eles e práctica do xogos.
• Discriminación de comportamentos inaxeitados (Ed. moral e cívica e Ed. para a paz).
• Aceptación dos compañeiros de clase (Ed. moral e cívica).
• Hábitos de orde: desprazamento en fila e recollida e coidado do material e dos obxectos da casa e da escola. Hábitos de traballo: axuda aos adultos nas tarefas cotiás.
• Valoración das actividades realizadas coa familia.

## 2.2 Segundo trimestre para os nenos-nenas de catro anos.

• O inverno.
• Os oficios e as ferramentas que se utilizan.
• Festa do Entroido.C
• Almorzo, comida e cea. Alimentos de orixe vexetal e animal.
• Xogos relacionados coas unidades didácticas.
• Recoñecemento dalgunhas características do inverno.
• Explicación da elaboración dunha receita: ingredientes, proceso e resultado.

• Interese por coñecer cancións novas.
• Valoración de todos os oficios.
• Importancia de seguir unha dieta variada ao longo do día.
• Hábitos de responsabilidade: coidar do propio traballo e cumprir as tarefas encargadas.

## 2.4 Terceiro trimestre para os nenos-nenas de catro anos.

•
As flores. As partes dunha árbore. Necesidades das plantas.
• Obxectos relacionados co coidado das plantas.
• A primavera.
• O hábitat dos animais. Partes do corpo dos animais. Desprazamento e ciclo vital dos animais.
• Transportes de mar, terra e aire. Transporte público e transporte privado.
• O contorno no verán.
• Xogos: *arrincar cebolas* e *facer o que fai o mono.*
• Adquisición de normas nos xogos e diversión con eles.
• Recoñecemento de animais de compañía, de granxa e salvaxes.
• Expresión de preferencias sobre os transportes.
• Participación na festa de fin de curso.
• Hábitos de responsabilidade: respectar as plantas e os animais.
• Respecto polas plantas e polos animais (Ed. ambiental).
• Condutas axeitadas ao utilizar os medios de transporte (Ed. vial).

# 3. CONTIDOS: ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

| 31. Primer trimestre para os nenos-nenas de catro anos. |
|---|

| | |
|---|---|
| **Expresión artística** | • Cancións relativas as unidades temáticas.<br>• Calidades do son: intensidade (forte/frouxo).<br>• Técnicas plásticas: ceras brandas e rachadura e pegadura de papel.<br>• Identificación da cor vermella, da azul, da amarela e da verde.<br>• Diferenciación entre son e silencio e representación gráfica de sons fortes e frouxos.<br>• Canto de panxoliñas , audicións de (Mozart), e memorización da cancións.<br>• Diferenciación de instrumentos.<br>• Utilización de técnicas plásticas: pegadura, debuxo, coloración, punzón e transparencia...<br>• Responsabilidade no coidado do material (Ed. moral e cívica). |
| **e Números, medida representación espacial.** | Nocións de medida: grande/mediano/pequeno; alto/baixo.<br>• Nocións de espazo: aberto/cerrado; dentro/fóra e enriba/debaixo.<br>• Nocións de cantidade: moitos/poucos.<br>• Liñas abertas e cerradas.<br>• O círculo. O cadrado.<br>• Os números 1, 2 e 3: cantidade e grafía.<br>• Discriminación e trazado da grafía dos números 1, 2 e 3.<br>• Asociación da grafía dos números 1, 2 e 3 coa cantidade correspondente |
| **Linguaxe oral e escrita.** | Situacións lingüísticas básicas: o saúdo e a despedida.<br>• Vocabulario de palabras relacionadas coa escola, actividades coa familia, froitos propios do outono e dependencias e obxectos da casa.<br>• Comprensión do conto e recoñecemento dos seus protagonistas.<br>• Recoñecemento dos membros da familia dos protagonistas.<br>• Narración dun conto.<br>• Coordinación óculo-manual e realización de trazos verticais, horizontais, inclinados e perpendiculares. Desenvolvemento da motricidade fina.<br>• Utilización de funcións lingüísticas, comprensión de secuencias temporais e narración de vivencias seguindo unha orde temporal.<br>• Memorización e recitado dun pareado, comprensión e recitado de poemas.<br>• Elaboración dunha felicitación de Nadal e intercambio de felicitacións. |

| | |
|---|---|
| **Percepción e pensamento lóxico.** | Serie lóxica: cor. Serie lóxica: tamaño. Serie lóxica: forma.<br>• Identificación do percorrido que se debe realizar nun labirinto.<br>• Identificación das diferenzas de dous debuxos.P<br>• Identificación dos elementos que faltan. |

## 3.2 Segundo trimestre para os nenos-nenas de catro anos.

| | |
|---|---|
| **Expresión artística** | • As cores: vermello, azul, amarelo, verde, laranxa e morado.<br>• Cancións: Veu o inverno e Entroido.<br>• Sons longos e curtos.<br>• Calidade do son: o timbre dalgúns instrumentos de metal, membrana e madeira.<br>• Técnicas plásticas: estampaxe con obxectos e pintura con ceras brandas e pintura de dedos.<br>• Discriminación da cor vermella, da azul, da amarela e da verde.<br>• Calidades do son: a duración (longo/curto) e recoñecemento do timbre de instrumentos escolares de percusión.<br>• Asociación dos sons longos e curtos co código correspondente.<br>• Creatividade e imaxinación coa música.<br>• Respecto polas creacións dos demais.<br>• Interese e gozo polas actividades musicais e atención e relaxación durante as audicións |
| **Números, Medida e representación Espacial.** | • Nocións espaciais: arriba/abaixo; cerca/lonxe; diante/detrás.<br>• Nocións de cantidade: todos/ningún.<br>• Os números 4, 5 e 6: cantidade e grafía.<br>• Os números do 1 ao 6: cantidade e grafía.<br>• O rectángulo.<br>• Identificación e recoñecemento do círculo, o cadrado, o triángulo e o rectángulo.<br>• Discriminación visual da grafía dos números do 1 ao 6.<br>• Asociación da grafía dos números do 1 ao 6 coas cantidades que representan.<br>• Trazado das grafías dos números do 1 ao 6.<br>• Identificación e discriminación de cantidades: máis/menos.<br>• Comparación de obxectos: igual/diferente.<br>• Interpretación de códigos gráficos.<br>• Participación activa nas actividades e escoita atenta nas explicacións do mestre/a. |
| **Linguaxe oral e escrita.** | • Os oficios.<br>• Vocabulario de palabras relacionadas coas partes da cara e do corpo, os oficios e os alimentos.<br>• Comprensión do conto e dos oficios.<br>• Exercitación do trazo circular, semicircular, ondulado, e de liñas poligonais. |

| | |
|---|---|
| | • Desenvolvemento da psicomotricidade fina.<br>• Comprensión da orde lóxica dunha secuencia de imaxes.<br>• Ordenación e explicación de secuencias temporais.<br>• Recoñecemento e práctica de fórmulas de cortesía.<br>• Memorización e comprensión de textos: adiviñas, recitativos e refráns.<br>• Interese por expresarse utilizando fórmulas de cortesía.<br>• Escoita atenta dos relatos do mestre/a.<br>• Interese por memorizar un recitativo |
| **Percepción e pensamento lóxico.** | Serie lóxica: tamaño. Series lóxicas numéricas.<br>• Debuxo agochado seguindo unha serie numérica.<br>• Atención, percepción visual e orientación espacial.<br>• Debuxo simétrico a partir dun eixe.<br>• Identificación da lei que segue unha serie e compleción |

## 3.3 Terceiro trimestre para os nenos-nenas de catro anos.

| | |
|---|---|
| **Expresión artística.** | • Cor vermella, azul, amarela, verde, laranxa, morada, branca, negra e marrón.<br>• Cancións sobre as unidades temáticas.<br>• Técnicas plásticas: corte con tesoiras e pegadura de papel; a colaxe.<br>• Interpretación de cancións.<br>• Recoñecemento da cor branca, da negra e da marrón.<br>• Utilización de técnicas plásticas: uso de ceras brandas e da raspadura con escarvadentes.<br>• Recoñecemento de sons graves e agudos e dos seus símbolos. Discriminación de sons ascendentes e descendentes.<br>• Desenvolvemento da creatividade e da imaxinación por medio da música.<br>• Atención e relaxación nas audicións. |
| **Números, medida e representación espacial.** | Nocións espaciais: a un lado/ao outro lado; entre; diante/detrás; cerca/lonxe.<br>• Nocións de medida: cheo/baleiro; ancho/estreito; lixeiro/pesado.<br>• Círculo, cadrado, triángulo e rectángulo.<br>• Signos + e =.<br>• Os números do 1 ao 6: cantidade e grafía.<br>• Recoñecemento e discriminación do círculo, do cadrado, do triángulo e do rectángulo.<br>• Percepción visual de figuras agochadas e clasificación de figuras xeométricas.<br>• Descomposición dos números 3, 5 e 6. |

| | |
|---|---|
| | • Iniciación na resolución de problemas que implican suma gráfica.<br>• Representación gráfica e numérica da suma.<br>• Compleción de sumas gráficas e numéricas |
| **Linguaxe oral e escrita.** | Vocabulario de palabras relacionadas coas flores, cos utensilios para o seu coidado; os animais e as partes do seu corpo; os medios de transporte.<br>• A postal..<br>• Trazado de liñas espirais, poligonais, verticais e horizontais.<br>• Desenvolvemento da motricidade fina.<br>• Comprensión do argumento do conto e recoñecemento dos transportes que aparecen nel.<br>• Descrición de obxectos.<br>• Atención visual e coordinación óculo-manual.<br>• Interpretación de pictogramas<br>• Memorización e comprensión dun poema, dun refrán e dun trabalinguas.<br>• Expresión dos propios gustos e preferencias durante as vacacións |
| **Percepción e pensamento lóxico.** | Vocabulario de palabras relacionadas coas flores, cos utensilios para o seu coidado; os animais e as partes do seu corpo; os medios de transporte.<br>• A postal.<br>• Trazado de liñas espirais, poligonais, verticais e horizontais.<br>• Desenvolvemento da motricidade fina.<br>• Comprensión do argumento do conto e recoñecemento dos transportes que aparecen nel.<br>• Descrición de obxectos.<br>• Atención visual e coordinación óculo-manual.<br>• Interpretación de pictogramas.<br>• Memorización e comprensión dun poema, dun refrán e dun trabalinguas.<br>• Expresión dos propios gustos e preferencias durante as vacacións |

# TERCEIRO NIVEL DO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.
# ( 5 ANOS).

## 1. CONTIDOS: ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO.

### 1.1 Primer trimestre para os nenos-nenas de cinco anos.

•O enderezo: rúa, número e localidade.
•Recoñecemento da propia aula e identificación dun mesmo na escola.
•Actitude relaxada e participativa nas actividades individuais e colectivas.
•Valoración das producións propias e as dos compañeiros (Ed. moral).
•Valoración dun mesmo e da propia familia (Ed. moral).
•Hábitos de autonomía: atar os zapatos.
•Hábitos de saúde e de hixiene: sentar correctamente.
•Adquisición dunha imaxe positiva dun mesmo.
•Valoración das atencións e das actividades familiares.
•Expresión de afecto polas persoas queridas.

### 1.2 Segundo trimestre para os nenos-nenas de cinco anos.

•Partes do corpo e articulacións.
•Os cinco sentidos: localización e función.
•O esqueleto e o esquema corporal.
•Expresión de preferencias: que serei de grande e os meus alimentos preferidos.
•O coidado do propio corpo e o recoñecemento da necesidade dunha alimentación sa (Ed. para a saúde).
•Hábitos de hixiene persoal: lavar os dentes e uso do cepillo de dentes.
•Hábitos de saúde: abrigarse.
•Hábitos de traballo: responsabilizarse das propias tarefas.
•Hábitos de autonomía: uso dos cubertos e do pano de mesa.
•Actitude positiva e participativa en todas as actividades da aula.

## 1.3 Terceiro trimestre para os nenos-nenas de cinco anos.

**Expresión das plantas preferidas.**
**•Elección e expresión das preferencias.**
**•Elección e expresión de preferencias: o transporte.**
**•A creatividade: invención dun medio de transporte.**
**•Exploración e afianzamento da lateralidade.**
**•Comprensión da necesidade de coidar a natureza polo ben de todos.**
**•Participación activa na festa de fin de curso.**
**•Diversións coas actividades da escola.**
•Valoración do propio proceso de aprendizaje.

# 2. CONTIDOS: ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO.

## 2.1 Primer trimestre para os nenos-nenas de cinco anos.

O mestre/a.
•Elementos da aula.
•Relacións de parentesco e actividades realizadas coa familia.
•O outono.
•Vocabulario de palabras relacionadas co contorno urbano.
•Tradicións relacionadas co Nadal: Reis Magos e xoguetes.
•Identificación das dependencias da escola, das actividades que se realizan nelas e das profesións relacionadas.
•Identificación de vivendas doutra época: o castelo.
•Recoñecemento do contorno rural e do urbano.
•Cumprimento de normas nos xogos, divertirse con eles e práctica de xogos: *a pita cega* etc.
•Hábitos de orde: recollida de material. Hábitos de relación: respecto pola quenda de palabra. Hábitos de responsabilidade: colaborar cos adultos nas tarefas domésticas.
•Valoración do mestre/a.

## 2.2 Segundo trimestre para os nenos-nenas de cinco anos.

Alimentos de orixe vexetal e animal.
•Identificación do inverno: animais e plantas.
•Xogos das unidades temáticas..
•Oficios e profesións, e os seus instrumentos de traballo. Oficios dos sectores primarios e secundarios: agricultor e panadeiro. Comprensión do proceso realizado para obter o pan do trigo. O oficio de costureira.
•O Entroido.
•Menú equilibrado: almorzo, xantar, merenda e cea. Sabores dos alimentos: doce. Elaboración de pratos.
•Utilidade dos animais e das plantas na alimentación (Ed. ambiental).
•Respecto e necesidade de compartir os obxectos (Ed. moral e cívica).
•Igualdade de oportunidades nun mesmo traballo (Ed. para a igualdade entre os sexos).
•Valoración dos alimentos como elemento para manter unha boa saúde.

## 2.3 Terceiro trimestre para os nenos-nenas de cinco anos.

As plantas. As partes dunha planta. Ciclo vital das plantas.
•Características dalgúns animais. Animais domésticos, salvaxes e de granxa.
•Características dos medios de transporte. Medios de transporte marítimos, aéreos e terrestres.
•Identificación dos tipos de desprazamento dos animais.
•Recoñecemento da anatomía dunha pomba, dunha sardiña e dun elefante, e o ciclo vital dos animais.
•Respecto polas plantas e o seu coidado. As plantas comestibles e aromáticas.
•A primavera e o verán: a súa influencia nos seres vivos.
•O hábitat dos animais. Partes do corpo dos animais. Desprazamento e ciclo vital dos animais.
•Xogos das unidades temáticas: *a zapatilla por detrás* e *as latas de sardiñas*., etc.
•Hábitos de responsabilidade: respecto polas plantas e polos animais e comportamento axeitado nos transportes.
•Coidado e respecto polos animais. (Ed. ambiental).
•Condutas axeitadas nos medios de transporte.
•Discriminación de condutas axeitadas e afianzamento da amizade entre os membros da clase.

# 3. CONTIDOS: ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

## 3.1 Primer trimestre para os nenos-nenas de cinco anos.

| | |
|---|---|
| **Expresión artística** | •Interpretación de cancións e de panxoliñas.<br>•Obtención das cores secundarias a partir das primarias.<br>•Identificación da cor vermella, a azul, a amarela, a verde, a laranxa e a morada.<br>•Atención auditiva e interpretación de cancións co ritmo e a entoación axeitados.<br>•Discriminación de sons fortes e frouxos e, asociación a un código gráfico.<br>•Desenvolvemento da creatividade e a imaxinación coa música e discriminación de ritmos: lento, normal e rápido.<br>•Utilización de técnicas plásticas: freta con ceras brandas, estampaxe, punzón, transparencias e composicións con obxectos cotiáns.<br>•Diversión e valoración das producións propias e das alleas.<br>•Atención e relaxación nas audicións. |

| | |
|---|---|
| **Números,medida e representación espacial.** | Os números do 1 ao 6: descomposición, cantidade e grafía.<br>•Discriminación e trazado da grafía dos números do 1 ao 6<br>•Asociación da grafía dos números do 1 ao 6 coa cantidade correspondente.<br>•Discriminación de nocións e desenvolvemento da orientación espacial: interior/exterior; arriba/abaixo; cerca/lonxe.<br>•Identificación das nocións de medida: grande/mediano/pequeno.<br>•Identificación das nocións de cantidade: todos/ningún; máis/menos.<br>•Identificación de liñas rectas e curvas; abertas e cerradas.<br>•Identificación de figuras xeométricas: círculo e cadrado.<br>•Resolución de sumas gráficas e uso dos signos + e =. |
